

RABO DE NUBE



## Entrando a matar

“DIARIOS. A RATOS PERDIDOS 1 Y 2” SON ANOTACIÓN RECOLLIDAS QUE COBREN O PERÍODO QUE VAI DESDE 1985 ATA 2005. DESDE OS SEUS INICIOS COMO ESCRITOR, ANTES DE PUBLICAR A SÚA PRIMEIRA NOVELA ATA POUCO ANTES DA SÚA CONSAGRACIÓN CON “CREMATORIO”

VICENTE ARAGUAS

POUCOS diarios teño lidos, eu tan parcial, do xénero diarista, como estes que so do título “A ratos perdidos 1 y 2”, e a sinatura de Rafael Chirbes, vén de publicar Anagrama.

O libro, precedido dun prólogo, chamativo, anatómicamente, de Marta Sanz, e outro, ben prescindible, de Fernando Valls, ten todo o valor do póstumo (Chirbes morreu en 2015) mais tamén as carencias de quen, fica a dúbida, nunca sabemos se tería sido tan afoutado como para escribir en vida o que aquí ten un fino cheiro a pasamento. E non falo da carnificina que Chirbes fai contra de escritores como Pérez Reverte (a propósito de “Cabo Trafalgar”; eu fixera o propio en 2004, desde as páxinas de “Revista de Li-

bros”, o que lle costara tremenda labazada, escrita, ollo, a meu director, Delgado Gal, de parte do bravú cartaxeneiro), Belén Gopegui, Roger Wolfe, Molina Foix ou críticos, Ignacio Echevarría.

Que eu falo da reseña severísima que Chirbes fai del mesmo, dipsómano, fumador compulsivo (morreu de cancro de pulmón), practicante promiscuo dunha homosexualidade ao Gil

de Biedma, aquí e acolá acosado e mesmo roubado por chaperos e carrozas (termo que adoitaba aplicarse aos uranistas pasados de idade), amante de homes en desfeita, cal



—  
**Tan ben escrito, tan belamente deseñado, que non hai maneira de parar na lectura**  
—

ese francés, François, morto antes que el. Mais ao lado de tanta desventura, con apuntes dun naturalismo extremo, atopamos a un lector infatigable, a un crítico finísimo de canto le, a un novelista nun continua autoexploración que nos leva ver o proceso criativo dun dos mellores narradores que o século actual leva aportado. E iso non é en absoluto moeda común: bater cunha análise exemplar, e autocrítica, como a que o autor de Tavernes de la Valdigna é quen de facer da súa obra.

Sen complacencias nin conmi-seración ao se mirar no espello de corpo enteiro, ao lado esa táboa de noite onde acouga o vaso coa dentadura postiza que Rafael Chirbes levaba. Que ata niso Chirbes é afoutado á hora do depoimento. Tan ben escrito, tan belamente (dentro do certo apocalipse que nel se nos narra) deseñado, que non hai maneira de parar na lectura unha vez comezada esta. Vaia este aviso para os que opten por abordar este libro de entrada en materia, no que un escritor entra a matar, empezando por el mesmo.

**TÍTULO:** DIARIOS. A RATOS PERDIDOS 1 Y 2 | **AUTOR:** RAFAEL CHIRBES | **EDITORIAL:** ANAGRAMA | **PRECIO:** 20,90 EUROS